

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 25 de abril de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a. Raquel Díaz Vázquez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e cinco de abril de dous mil catorce e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(368).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 4 de abril, e extraordinarias e urxentes do 4 (dúas sesións), 9 e 10 de abril de 2014. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(369). - DAR CONTA DAS SENTENZAS E AUTOS.

Dáse conta das seguintes Sentenzas e Autos remitidos por Asesoría Xurídica:

a)Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no RC-A nº P.A. 1/2014. Demandante: D. AGUSTÍN POSADA IGLESIAS. Obxecto: Resolución do 16-10-2013 de responsabilidade patrimonial.Desestimado o recurso. .Expte. 8464/111

b) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A P.O.nº 96/2013. Demandante:COCHERAS OLÍVICAS DE PUENTES, S.A. Obxecto: XGL do 8-3-2013 e 19-4-2013, sobre modificación e resolución contractual.Concesión aparcadoiro Rosalía de Castro (lote 2). Desestimado o recurso. Expte. 7942/111.

c) Sentenza do X. Social nº 2 de Vigo no P.O. Nº 503/2010 (Recoñecemento de dereito e cantidades) Demandante: Dª SONIA Mª GONZÁLEZ GONZÁLEZ. (Contratación temporal o 17-2-2009, técnica media-asesora de medio ambiente no marco do proxecto “Vigo Medio Natural” FSE). Estimado o recurso.

Sentenza do TSXG, Sala do Social, no rec. Suplicación nº 5159/2010, interposto polo CONCELLO DE VIGO contra a devandita Sentenza. Estimado o recurso.

Auto do TS, Sala do Social no rec. casación para a unificación da doutrina nº 1827/2013. Inadmitido o recurso da demandante contra a devandita sentenza do TSXG. Expediente nº 8583/111

d) Sentenza do X. Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no RC-A nº 30 / 2014 P.A. Demandante: PIGLEMFOR S.L. Resolución do 25 de novembro do 2013 (en reposición) Proc. Sanc . Contaminación acústica, discoteca “MONDO”. Estimado o recurso. Expte. 8424/111.

e) Sentenza do TSXG, Sala do Social no rec. Suplicación nº 4524/2013 contra sentenza do X. Social nº 1 de Vigo (reforzo).Procedemento 28/2013, Conflito Colectivo na prestación do servizo de intervención familiar do Concello pola empresa CLECE, por MSCT en canto a horario e retribucións. Desestimado o recurso de suplicación.

f) Sentenza do TSXG, Sala do Social no rec. Suplicación 1250 / 2012, interposto por Dª. Mª CARMEN ALONSO COSTAS E 12 PERSOAS MAIS contra Sentenza do X.Social nº 1 de Vigo desestimatoria en relación coa reclamación previa persoal da contratación do servizo de atención á infancia, (Fundación Aldaba, agora CLECE). Desestimado o recurso de suplicación. Expte. 6936/111.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

3(370).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO PROXECTO ANUAL DE SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO ANO 2014. EXPTE. 92052/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Política de Benestar, do 22.04.14, conformado pola concelleira-

delegada da Área de Política de Benestar e polo xefe da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

Con data 26 de marzo de 2014, o Concelleiro-delegado de Xestión Municipal, por delegación de competencias de data 20 de marzo de 2014, á vista do informe da técnica de actividades económicas da área de Política de Benestar, resolveu iniciar o expediente do proxecto anual de servizos sociais comunitarios para a súa presentación ante a Consellería de Traballo e Benestar, para a obtención das axudas destinadas ao cofinanciamento da prestación dos servizos sociais no concello de Vigo e reguladas no Decreto 99/2012 do 16 de marzo de 2012, publicado no DOG nº 63 do 30 de marzo de 2012. O artigo 43 do Decreto citado regula a iniciación do procedemento, concretando no seu apartado b) que respecto ao proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais, "este proxecto anual será aprobado polo órgano competente da corporación local, facendo constar expresamente a continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios municipais".

Por todo elo, propónselle a Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1º- Aprobar o proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais para o ano 2014.

2º- Que se fai constar a continuidade na prestación dos servizos sociais comunitarios municipais

3º- Solicitar a Consellería de Traballo e Benestar unha transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, que ascenden a un importe total, segundo se reflicte no resumo xeral adxunto, de 6.218.982,18€ co seguinte detalle:

-Persoal: 762.885,00€

-Mantemento: 4.061,89€

-Axuda no fogar:

**Modalidade de prestación básica: 594.524,01€*

**Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 1.585.648,00€*

-Xestión de programas: 3.271.863,28€

4º- Adóptase ademáis o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude de transferencia finalista correspondente ao exercicio 2014, na contía de 4.076.183,26€, que supón unha porcentaxe do 39,59% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

5º- Faise constar que a sinatura de tódolos documentos, comunicacións e a orde e visto e praxe das certificacións que se remitan á Consellería de Traballo e Benestar, relacionadas co presente expediente, correspóndelle á concelleira-delegada de Política de Benestar, D^a Isaura Abelairas Rodríguez, segundo Decreto de delegacións de data 7 de febreiro de 2013,

Nembargantes a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais convinte.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(371).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL NO MES DE XANEIRO, FEBREIRO E MARZO DE 2014. EXPTE. 93815/301.

En cumprimento co establecido na base 31 das de execución do presuposto en vigor, a concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, en escrito de 10.04.14, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo departamento de Política de Benestar nos meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2014, que son os seguintes:

DATA	CONCEPTO	PARTIDA	Nº OPERACIÓN	IMPORTE EUROS	TERCEIRO
29/01/14	MANTEMENTO E REPARACIÓNS NAS UBAS	2120000	201400005022	5.000,00	VARIOS
24/02/14	SUMINISTRO TERRA PARA XARDÍN DO ALBERGUE	2120002	201400009359	4.474,58	VIVEIROS ADOA S.L.
27/02/14	REPARACION MOBILIARIO	2150000	201400009539	1.000,00	VARIOS
29/01/14	MATERIAL ORDINARIO NON INVENTARIABLE	2200000	201400005021	600,00	VARIOS
24/02/14	LIBROS E OUTRAS PUBLICACIÓNS	2200100	201400009275	1.100,00	VARIOS
18/02/14	SUMINISTROS	2219900	201400009279	500,00	VARIOS
18/02/14	SERVIZOS POSTAIS E MENSAXERIA	2230000	201400009274	15.000,00	VARIOS
18/02/14	ATENCIÓNS PROTOCOLARIAS	2260100	201400009278	600,00	VARIOS
18/02/14	INTERVENC. PSICOPE-DAGÓXICA, LUDICA E SOCIAL	2260907	201400009276	8.696,00	PLAN COMUNITARIO DE TEIS
18/02/14	OCIO E TEMPO LIBRE PARA MENORES	2260907	201400009277	12.000,00	ASOC. ABERTAL
28/02/14	EMISION TARXETAS PAGO AXUDAS SOCIAIS ALIMENTOS	2279900	201400010034	3.000,00	CAIXABANK ELECTRONIC MONEY EDE S.L.
18/03/14	EMISION TARXETAS PREPAGO PROGR. BONO-TAXI	2279900	201400015748	2.330,00	NOVAGALICIA BANCO, S.A.
28/02/14	MANTEMENTO EXTINGTORES	2279902	201400010035	1.000,00	VARIOS
27/02/14	IMPARTICION FORMACIÓN MEDIADORES	2279908	20140009390	1.800,00	ASOC. ERGUETE
27/02/14	IMPARTICIÓN PROGR. PENELOPE	2279908	201400009392	1.875,00	ASOC. ERGUETE
27/02/14	IMPARTICIÓN PROG. PREVENCIÓN	2279908	201400009395	900,00	ASOC. ERGUETE
14/02/14	IMPARTICIÓN 29 OBRADOIROS PREVENCIÓN	2279908	201400009397	8.650,00	ASOC. ERGUETE
27/02/14	IMPARTICION 19 OBRADOIROS	2279908	201400009399	5.700,00	ASOC.ERGUETE
27/02/14	IMPARTICIÓN 5 OBRA-DOIROS	2279908	201400009401	1.500,00	ASOC. ERGUETE
27/02/14	IMPARTICION 47 TALLERES	2279908	201400009354	14.000,00	ASOC. ALBORADA
27/02/14	IMPARTICION PROGR. ODISEA	2279908	201400009535	600,00	ASOC. ALBORADA

04/03/14	IMPARTICIÓN PROG. PREVENCIÓN	2279908	201400009842	300,00	ASOC. ALBORADA
04/03/14	IMPARTICIÓN OBRA-DOIROS	2279908	20140009843	3.075,00	ASOC. ERGUETE
04/03/14	IMPARTICIION CHARLAS FORMATIVAS	2279908	201400009844	400,00	ASOC. ALBORADA
04/03/14	IMPARTICIÓN PROGR. PENELOPE	2279908	201400010982	1.875,00	ASOC. ERGUETE
13/03/14	DOUS CURSOS FORMACIÓN PREVENCIÓN	2279908	201400010983	1.800,00	ASOC. ERGUETE
27/02/14	DOUS CURSOS DE FORMACIÓN EN PREVENCIÓN	2279908	201400011839	1800	ASOC. ERGUETE
27/01/14	PROGRAMA SEREOS	2279909	201400002614	18000	FUNDACIÓN ERGUETE
13/03/14	COORDINACIÓN CAMPAÑA SENSIBILIZACIÓN ¡IMPORTANOS!	2279909	20140014847	15939,16	JUAN FERNANDEZ DURAN
27/02/14	TRANSPORTE MATERIAL MOBILIARIO	2279913	201400009767	1000	VARIOS
24/02/14	MEDIACIÓN INTERCULTURAL, TALLERES	2279917	201400009280	18.900,00	MARCELA CLAUDIA D'AMBROSIO

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

5(372).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 5.530,96 € A FAVOR DE EULEN SEGURIDAD S.A. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE VIXILANCIA E SEGURIDADE NA UAD CEDRO E NAS UBAS- MARZO 2014. EXPTE. 2135/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servizos Económicos, do 8.04.14, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e pola concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 5.530.96 euros, a favor de EULEN SEGURIDAD, S.A. (CIF: A-28369395), pola prestación dos servizos de vixilancia e seguridade na unidade asistencial de drogodependencias CEDRO e nas UBAS, durante o mes de marzo de 2014.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 5.530.96 euros a partida orzamentaria 3133.2270100 "Contratación Servicio Seguridade", minorándoo do RC 201400003776

6(373).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO MES DE MARZO DE 2014. EXPTE. 14628/331.

En cumprimento co establecido na base 31 das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, en escrito de

10.04.14, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Cultura e Bibliotecas no mes de marzo de 2014, que son os seguintes:

Nº EXP.	CONCEPTO	PERCEPTOR	CIF/NIF	IMPORTE
14572/331	Contratación do servizo de venda de entradas dos espectáculos programados no Auditorio Municipal no primeiro semestre do ano 2014	Fundación Especial Caixa de Aforros Vigo, Ourense e Pontevedra	G70270293	1.508,50 €
14573/331	Contratación dos servizos bibliotecarios complementarios para a Biblioteca Pública Municipal Xosé Neira Vilas	LTM Servicios Bibliotecarios, SL	B15648595	11.612,09 €
14574/331	Contratación dunha función do espectáculo "Os anos 80 vistos polo Mago Teto" o venres 16 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo dentro da programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios	HECTOR GARCÍA GUERRA	34997925K	1.500,00 €
14575/331	Contratación da realización dun festival de danza cos grupos Colexiata do Sar e Areosa, o venres 25 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	AGRUPACIÓN FOLCLÓRICA LEMBRANZAS GALEGAS	G36649135	2.400,00 €
14578/331	Contratación da compañía Abrapalabra Creacións Escénicas para realizar unha función do espectáculo "As do peixe" o venres 4 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS	B70217336	1.742,40 €
14583/331	Contratación dunha función do espectáculo "Cinderella Mix" da compañía Artello Teatro, o domingo 4 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	Santiago Antonio Montenegro Correa	36051051T	1.020,00 €
14584/331	Contratación dunha actuación do grupo Os Cempés o venres 23 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	MARÍA MONTSERRAT RIVERA CRESPO	33279482T	1.815,00 €
14586/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "Xango" da compañía Talía Teatro, o domingo 1 de xuño, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	PRODUCCIÓNS TEATRAIS TALÍA S.L.U.	B70123567	1.194,00 €
14590/331	Contratación dunha función do espectáculo "A nena e o grilo nun barquiño" da compañía A nena e o grilo, o domingo 13 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	URDIME S.C.G.	F70353982	957,00 €

14591/331	Contratación dunha función do espectáculo "Da Vinci tiña razón" da compañía Producións Teatráis Excéntricas, o venres 30 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	PRODUCCIÓNS TEATRÁIS EXCÉNTRICAS S	B15928377	2.758,80 €
14593/331	Deseño e produción de material gráfico da programación Vigocultura no Auditorio Municipal do Concello nos meses de abril e maio	ECOVIGO PUBLICIDAD S.L.	B36614808	2.916,04 €
14595/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "Croac" da compañía de teatro Pinga Teatro, o domingo 6 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	PINGA TEATRO S.L.	B27742675	540,00 €
14597/331	Contratación dunha función do espectáculo "Cair" o domingo 20 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	Culturactiva S.C.G.	F15983067	1.306,80 €
14598/331	Contratación dunha función do espectáculo "Amediometrados" da compañía Entremáns, o venres 9 de maio, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	ARTESTUDIO XESTIÓN CULTURAL S.L.	B70206008	1.080,00 €
14606/331	Contratación dunha función do espectáculo familiar "Uxío no país de Patadecabra" da compañía Expresión Producións, no Auditorio Municipal do Concello o domingo 18 de maio, ás 18 horas	MANUEL SOLLA BARRAGÁNS	35304618D	870,00 €
14607/331	Contratación dunha función do espectáculo "Menú vexetal" da compañía A Artística, o domingo 27 de abril, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	A Producións Artísticas S.L.	B27741792	1.200,60 €
14608/331	Contratación da realización dun concerto de Músicas do Sul de Isga Collective, o venres 11 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	ISAAC GARABATOS MARTÍNEZ	36142616W	4.200,00 €
14609/331	Contratación dunha función do espectáculo "Constelaciones" da compañía Aracaladanza, o domingo 11 de maio, ás 18 horas, no Auditorio Municipal do Concello	ARACALADANZA S.L.	B84908979	2.277,00 €
14611/331	Contratación dunha función do espectáculo "Impreuna" da compañía Pistacatro Productora de soños, o venres día 18 de abril, ás 21 horas, no Auditorio Municipal do Concello	PISTACATRO PRODUCTORA DE SOÑOS S.L.	B70037213	2.541,60 €

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

7(374).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE EXPEDIENTES DE GASTO MENOR TRAMITADOS POLO SERVIZO DE FESTAS NO MES DE MARZO DE 2014. EXPTE. 5534/335.

En cumprimento co establecido na base 31 das de execución do presuposto en vigor, o concelleiro-delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, en escrito de 10.04.14, dá conta da relación de expedientes de gasto menor tramitados polo Servizo de Festas no mes de marzo de 2014, que son os seguintes:

Expte: 5510/335. CONTRATACIÓN DO DITAME "CUANTIFICACIÓN DE DANOS E PERDAS ANTE UNHA POSÍBEL RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA DO AUDITORIO MAR DE VIGO"

Decreto concelleiro data: 21/03/2014

Informe Intervención: RCM 16969

Adxudicatario: UNIVERSIDAD CARLOS III DE MADRID

Importe total: 21.175,00 EUROS

Expte: 5511/335. CONTRATACIÓN DO ESTUDO "MODELOS DE XESTIÓN DE ESPAZOS ESCÉNICOS E A IMPLICACIÓN DA ADMINISTRACIÓN LOCAL NOS MESMOS"

Decreto concelleiro data: 21/03/2014

Informe Intervención: RCM 13970

Adxudicatario: ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SL

Importe total: 17.696,25 EUROS

Expte: 5513/335. CONTRATACIÓN DO DITAME "INTERPRETACIÓN CAPÍTULO II DO PCAP DO CONTRATO DE CONCESIÓN DE OBRA PÚBLICA PARA A CONSTRUCCIÓN E EXPLOTACIÓN DO AUDITORIO MAR DE VIGO"

Decreto concelleiro data: 31/03/2014

Informe Intervención: RCM 19225

Adxudicatario: FUNDACIÓN EMPRESA UNIVERSIDAD GALLEGA

Importe total: 16.940,00 EUROS

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

8(375).- SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA O EXERCIZO 2014. EXPTE. 714/341.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 3.04.14, o informe de fiscalización do 15.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe de Museos municipais, do 8.04.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro de Industria, Turismo, Cultura e Festas e o concelleiro de Xestión municipal, e o informe-proposta complementario do 16.04.14, do xefe do Servizo de Museos municipais, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 140.000 € (cento corenta mil euros) á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO, CIF G36855310, de acordo coa documentación presentada por esta entidade, para o financiamento do funcionamento e actividades do Museo Liste- Etnográfico de Vigo e o Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT), con cargo ao presuposto do Concello de Vigo prorrogado do exercicio económico 2013, partida 3330.489.00.00.

SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO, para funcionamento e actividades do Museo e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo) durante o ano 2014, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo axústase ao previsto no art. 22.2, apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto prorrogado de 2013 do Concello de Vigo, como polo interese público e social que supón para a cidade de Vigo a actividade da citada Fundación promovida polo propio Concello de Vigo e D Olimpio Liste Regueiro para xestionar Museo e recuperar, conservar e difundir o patrimonio etnográfico de Galicia; quedando acreditada a concordancia do seu programa de actividades cos seus fins recollidos nos seus Estatutos e documento de constitución, de tal forma que non é susceptible de concorrencia competitiva.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do funcionamento e actividades do Museo Etnográfico Liste e Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT) correspondentes ao orzamento de 2014. De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

PROXECTO DE CONVENIO REGULADOR DA ACHEGA DO CONCELLO DE VIGO Á
FUNDACIÓN LISTE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA ACTIVIDADES E
FUNCIONAMENTO NO EXERCICIO ECONÓMICO 2014

En Vigo, a _____ de dous mil catorce.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Cayetano Rodríguez Escudero na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na praza do Rei s/nº, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra, Dna. Josefina Fernández Mosquera como presidenta da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, CIF G36855310 con enderezo social na rúa da Pastora nº 22, de Vigo, en representación da mesma, no sucesivo A FUNDACIÓN.

MANIFESTAN

- D. Cayetano Rodríguez Escudero, actúa na súa calidade de concelleiro-delegado, de acordo coa Decreto de Delegación de Alcaldía de 7 de febreiro de 2013, do acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de febreiro de 2013 e resolución de Alcaldía de 19 de febreiro de 2014, e Dna. Josefina Fernández Mosquera, actúa na súa calidade de Presidenta da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo conforme ás competencias que lle atribuen os Estatutos da Fundación.
- O Concello de Vigo promoveu xunto con D. Olimpio Liste Regueiro e a súa esposa Dna. Josefina Fernández Mosquera a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, que se constituíu o 19 de xuño de 1999, coa finalidade de procurar a protección, promoción e defensa do patrimonio etnográfico de Galicia, a creación e xestión do Museo Etnográfico Liste de Vigo.
- A Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo foi clasificada de Interese Cultural por Orde da consellería da Presidencia e Administración Pública de 1 de setembro de 1999, e declarada de Interese galego pola concellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, o 18 de outubro de 1999.
- Para o seu cumprimento das finalidades da Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo o Concello de Vigo ven subscribindo diversos convenios para garantir o seu normal funcionamento; de acordo co establecido no convenio entre o Concello de Vigo e D. Olimpio Liste Regueiro, aprobado polo Pleno da Corporación municipal o 5 de outubro de 1998, no sentido de realizar as achegas polo Concello que se poidan consignar no orzamento municipal para o desenvolvemento das actividades da Fundación.
- A subvención que outorga o Concello de Vigo á Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, para funcionamento e actividades do Museo e do CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo) durante o ano 2014, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003); Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007; Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003; Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; bases de execución do orzamento do Concello de Vigo e restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

- A FUNDACIÓN reúne a condición de beneficiario da subvención e, de acordo cos requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, declara non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.
- O presente convenio subscríbese de acordo co disposto nos artigos 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que establecen que o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente; tendo ademais carácter de bases reguladoras da achega, como tamén o ten o acto de concesión.

En consideración ao antes exposto, o CONCELLO e a FUNDACIÓN establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLAÚSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada á FUNDACIÓN pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, con data _____ con destino ao programa das actividades e funcionamento do Museo Liste Etnográfico de Vigo e Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (CAT) correspondentes ao orzamento de 2014.

As liñas xerais do programa da FUNDACIÓN consistirán, basicamente, na xestión do funcionamento dos centros citados, e no desenvolvemento das súas actividades: exposicións permanentes, exposicións temporais, actividades didácticas, obradoiros, investigacións, xornadas, difusión, etc., así como calquera outra actividade derivada da finalidade da FUNDACIÓN prevista nos seus estatutos.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a 141.100 €, de acordo co detalle do ANEXO I. A FUNDACIÓN financiará o seu programa do seguinte xeito:

- 140.000,00 € (cento corenta mil euros) con cargo ao presuposto do Concello de Vigo, partida 3330.489.00.00 "Aportación á Fundación Liste e CAT" do presuposto municipal prorrogado do exercicio económico 2013; que supoñen o 99,22 % do total do presuposto.
- 1.100,00 €, resultantes da actividade do Museo Liste (0,78 %)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

As datas, horarios e lugares da actividade e servizos obxecto deste convenio están establecidos na memoria de actividades presentada pola Fundación Liste e terán lugar no Museo Liste (rúa Pastora 22 de Vigo) e Centro de Artesanía Tradicional de Vigo (subida ao Castelo de Vigo), do que se inclúe resumen de actividades no ANEXO II.

CUARTA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN DE ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO DO MUSEO LISTE E CAT NO ANO 2014.

- Cumprir coas finalidades fundacionais da FUNDACIÓN recollidas estatutariamente e realizar as xestións, actuacións e programas previstos nos seus orzamentos anuais.
- Establecer a entrada gratuíta ao Museo Etnográfico Liste de Vigo para as asociacións da terceira idade do Concello de Vigo, así como para os grupos de escolares procedentes de centros educativos do termo municipal de Vigo.
- Colaborar co CONCELLO no establecemento de mecanismos de coordinación no ámbito da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.
- Colaborar coas entidades culturais e veciñais na realización de proxectos encamiñados á recuperación, promoción e difusión do patrimonio etnográfico das parroquias da cidade.

- *Participar na Comisión Técnica de de Colaboración prevista na cláusula quinta deste convenio.*
- *Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento, tanto directos como indirectos.*
- *Responsabilizarse da organización integral das actividades, servizos e funcionamento do Museo Liste e do CAT.*
- *Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co Art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades e servizos, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (Art. 17.3 da citada lei).*
- *A concesión da subvención á FUNDACIÓN implica a aceptación das súas obrigas sinaladas na resolución de concesión, no presente convenio regulador e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- OBRIGAS DON CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA, FESTAS E MUSEOS.

1. *Colaborar coa FUNDACIÓN no desenvolvemento dos seus fins e obxectivos, especialmente fomentando a súa participación nos servizos e equipamentos municipais da súa Rede Museística e Expositiva.*
2. *Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa, servizos e funcionamento do Museo Liste e CAT, que xestiona a FUNDACIÓN.*
3. *Xestionar o pagamento do importe da subvención, tralo cumprimento dos requisitos de xustificación pola FUNDACIÓN, coas conformidades necesarias.*

Comisión Técnica de Colaboración.-

Con obxecto de favorecer o desenvolvemento das finalidades da FUNDACIÓN e a súa participación na Rede Museística e Expositiva do Concello de Vigo, creárase unha Comisión Técnica de Colaboración, integrada por dúas persoas designadas pola concelleira-delegada de Cultura e outras dúas pola a Presidencia da Fundación.

A Comisión Técnica de Colaboración reunirse unha vez ao trimestre e cando o estime necesario, e terá as seguintes funcións:

Establecer mecanismos de coordinación entre o Museo Liste e o CAT co resto da Rede Museística e Expositiva, para procurar a unificación e complementariedade de contidos, oferta ao público, calendario, difusión, etc.

A valoración do desenvolvemento das actividades e servizos do Museo Liste e CAT.

A realización de propostas sobre novas iniciativas no ámbito da protección, conservación e difusión do patrimonio etnográfico.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención á FUNDACIÓN é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a FUNDACIÓN informará sobre o desenvolvemento das actividades e do funcionamento do Museo Liste e do CAT; así como das modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art. 11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de

actividades e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos podería determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución de determinados elementos do programa, sempre que non alteren sustancialmente o obxecto da subvención, o funcionamento dos centros e os seus programas de actividades; de acordo co previsto no apartado 8 da cláusula cuarta do presente convenio.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados; ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

De acordo co establecido no artigo 15.3 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a FUNDACIÓN adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do CONCELLO, do seu programa de actividades e funcionamento; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo Liste ou CAT, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do CONCELLO figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do CONCELLO, na difusión deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá enviarse ao Servizo de Museos, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias á FUNDACIÓN, aos servizos, actividades, CONCELLO e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual subvencionado no seu conxunto pola Administración Municipal. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura, Festas e Museos.

A FUNDACIÓN comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das actividades ou eventos.

A FUNDACIÓN tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do CONCELLO, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter

xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionados as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O CONCELLO xestionará o pagamento á FUNDACIÓN do importe da subvención outorgada para as actividades e funcionamento no ano 2014 do Museo Liste-Etnográfico de Vigo e Centro de Artesanía tradicional de Vigo, de acordo co seguinte calendario de tramitación:

- a) Unha primeira achega, por importe máximo de 35.000,00 € tras a aprobación da subvención pola Xunta de Goberno Local.
- b) Unha segunda achega, por importe máximo de 35.000,00 € antes do 30 de xuño de 2014 ou dentro do mes seguinte á concesión.
- c) Unha terceira achega, por importe máximo de 35.000,00 € antes do 30 de setembro de 2014, en todo caso antes da data límite para a liquidación.
- d) Unha cuarta achega, por importe de 35.000,00 € ou polo contía pendente respecto ao total da achega outorgada, ata o día 12 de decembro de 2014, xunto coa liquidación da subvención.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas.-

As tres primeiras achegas terán a consideración de pagamentos a conta da subvención outorgada, e a cuarta terá carácter de liquidación; en todos os casos a FUNDACIÓN presentará:

- a) Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do CONCELLO.
- b) Informe sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da FUNDACIÓN relativo ao período solicitado.
- c) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento dos centros, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- d) Documentos orixinais acreditativos do gasto de acordo co establecido neste convenio e na normativa sobre subvencións.
- e) Certificacións de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e pagamentos; emitidas pola AEAT, Consellería de Facenda, Seguridade Social e Concello de Vigo.
- f) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do CONCELLO tres exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos; dentro do período de xustificación. No caso que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse expresamente esta circunstancia.
- g) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación.
- h) Acreditación da difusión do carácter público do financiamento, por parte do CONCELLO, do programa de actividades e funcionamento; particularmente nos propios centros, páxina web, publicacións, presentacións e difusión de actividades.
- i) Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo (copias compulsadas no primeiro trámite de pagamento e nos sucesivos, senón houbera cambios, unha declaración da Presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

Para a segunda achega.-

Xunto coa xustificación da segunda achega da subvención A FUNDACIÓN presentará a través do Rexistro Xeral do CONCELLO os seguintes documentos: aprobación da liquidación dos

orxamentos da Fundación do ano 2013, aprobación dos orxamentos de 2014 e acreditación da presentación destes dous documentos perante dos órganos competentes en materia de Fundacións de Interese Galego da Xunta de Galicia.

Para a liquidación da subvención.-

Para a liquidación da subvención, e cuarta achega de 2014, a FUNDACIÓN presentará a seguinte documentación ata o día 12 de decembro de 2014:

- a) Solicitude polo Rexistro Xeral de liquidación da subvención concedida.
- b) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da FUNDACIÓN no exercicio 2014, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica xustificativa, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
 - Documentación orixinal xustificativa dos gastos efectuados con cargo á mesma, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións .

A xustificación da subvención realizarase no prazo previsto neste convenio e de acordo coa normativa vixente; de non xustificarse nos prazos previstos o beneficiario, neste caso a FUNDACIÓN, perderá o dereito á mesma.

As facturas orixinais vinculadas ao proxecto subvencionado, ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporaranse xunto coa relación das facturas.

As facturas deberán recoller os datos do emisor, número de CIF, a data, o número, os conceptos e importes desglosados, o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do CONCELLO; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento de obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que a FUNDACIÓN xustifique que estea exenta de IVE; os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente co obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado da factura orixinal (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade da entidade beneficiaria que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación do pagamento da subvención e das achegas parciais está condicionado á conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Cultura, Festas e Museos, despois dos informes técnicos necesarios.

A entidade beneficiaria da subvención poderá subcontratar con terceiros ata o 75 % das actividades subvencionadas. Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades ás que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia

A FUNDACIÓN deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, Festas e Museos, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos ocasionados pola actividade propia da FUNDACIÓN ao longo do exercicio 2014, quedando excluídos os gastos por investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados. Serán subvencionables os gastos financeiros, cando estean directamente relacionados coa actividade subvencionada e resulten indispensables para a súa axeitada preparación; os gastos financeiros subvencionables polo Concello de Vigo quedan limitados ao 1% do importe total do convenio (1.400 €). Os gastos de persoal xustificaranse cos contratos de traballo, nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).

COMPATIBILIDADE CON OUTRAS SUBVENCIONS OU AXUDAS E IMPORTE TOTAL.-

Esta subvención á FUNDACIÓN será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

En calquera caso, o importe total das subvencións ou axudas percibidas pola FUNDACIÓN non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A FUNDACIÓN deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ao fondos recibidos (importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas).

NOVENA.-

Ao tratarse a Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita as obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte remitirá ao Concello de Vigo os seus orzamentos e a liquidación dos mesmos dentro dos prazos legais, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Asimesmo con carácter trimestral remitirán a información de pagos para os efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, con carácter trimestral queda obrigada a remitir toda a documentación e información

que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

DÉCIMA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte da FUNDACIÓN axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo a cancelación do convenio.

DÉCIMA PRIMEIRA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a data de remate do exercicio económico do ano 2014.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das dúas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO SEGUNDA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura, Festas e Museos queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

O concelleiro-delegado da Área
de Cultura, Festas e Museos

A Presidenta da Fundación
Liste-Museo Etnográfico deVigo

Cayetano Rodríguez Escudero

Josefina Fernández Mosquera

ANEXO I

RESUME ORZAMENTO ACHEGADO POLA FUNDACIÓN
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN LIS-
TE-MUSEO ETNOGRÁFICO DE VIGO PARA ACTIVIDADES E FUNCIONAMENTO NO EXER-
CICIO ECONÓMICO 2014

			<u>141.100,00</u>
<i>Gastos de persoal</i>		114.670,92	
<i>Soldos e salarios Fundación Liste</i>	83.504,00		
<i>Seguridade Social Fundación Liste</i>	24.424,92		
<i>Soldos e salarios CAT (Fundación Liste)</i>	4.716,00		
<i>Seguridade Social CAT (Fundación Liste)</i>	1.526,00		
<i>Outros gastos sociais</i>	500,00		
<i>Outros gastos</i>		14.779,00	
<i>Reparación e conservación</i>	6.000,00		
<i>Servizos profesionais</i>	4.356,00		
<i>Primas de seguros</i>	1.600,00		

Servizos bancarios e similares	823,00		
Subministrós, comunicación e correos	1.200,00		
Outros gastos	800,00		
Gastos financeiros e gastos asimilados	1.460,00	1.460,00	
Gastos actividades, exposicións e didáctica	10.190,08	10.190,08	
TOTAL GASTOS		141.100,00	
INGRESOS			141.100,00
Actividade Museo		1.100,00	
Subvención do Concello de Vigo		140.000,00	
TOTAL INGRESOS		141.100,00	

ANEXO II

MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO. RESUME DE ACTIVIDADES 2014

EXPOSICIÓN PERMANENTE DO MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

EXPOSICIÓNS TEMPORAIS.

- Exposición temporal "Hijas de J. Nieto: Un oficio singular, fabricantes de símbolos". Ata o 30 de xuño 2014 (iniciada en 2013).
- Exposición temporal "Patrimonios fidalgos". A partir do 4º trimestre 2014 (Exposición alternativa "Deporte, a súa evolución").
- Exposición temporal "Visións femininas do campo e do mar". Sen data.
- Mostras fotográficas ("Vedacións", "Retretes", "Con outro enfoque"). Todo o ano, con incorporacións.

ACTIVIDADES DIDÁCTICAS NO MUSEO.

ACTIVIDADES DIRIXIDAS AOS ESCOLARES.-

"Festas e traballos cíclicos".-

- "Candeloria: a cerería dedicada ao culto".- Do 28 xaneiro ao 2 de febreiro 2014.
- "Entroido: Quen matou ao Meco?: Matámolo todos".- 1ª Semana de marzo.
- "Os Maíos".- Do 1 ao 10 de maio 2014.
- Outras actividades.- Reconquista, Semana Santa, Corpus, San Xoán; vendima e agosto; matanza e San Martiño; verán, Nadal,...

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DAS VISITAS Á EXPOSICIÓN PERMANENTE.

- "Os xoguetes esquecidos". 30 min. 1º trimestre 2014.
- "A seda en Galicia". 30 min. 2º trimestre 2014.
- "Museo somos nós". 30 min. 3º e 4º trimestre 2014.

DIDÁCTICA PARA ADULTOS E PÚBLICO XERAL.-

Talleres.-

- "Instrumentos humildes".- Actividade para grupos de adultos, previa solicitude, todo o ano, no Museo Liste (ou tamén no CAT).
- "A muda".- Para grupos previa solicitude, no 1º trimestre de 2014.

Xornadas para a comunicación.- Convocatorias trimestrais.

Actividades especiais.- Día das Letras Galegas, Día Internacional do Museo. Audicións musicais.

CAT (CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL DE VIGO)
RESUME DE ACTIVIDADES EN 2014

EXPOSICIÓN PERMANENTE DE CESTERÍA TRADICIONAL.

UNHA MOSTRA DO PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO PERDIDO.
Novo proxecto a desenvolver.

EXHIBICIÓNS DO PROCESO PRODUTIVO

- "Cestería decorativa".- 1º trimestre de 2014.
- "Cerámica e cestería".- 2º trimestre de 2014.
- "Utilidades do colmo".- 3º trimestre de 2014.
- "Proceso produtivo de distintos oficios".- 4º trimestre.

ACTIVIDADES FORMATIVAS

Cursos breves de achegamento á artesanía, de 12 a 24 h. de duración. Programación trimestral de 1 curso.

FALADOIROS DE ARTESÁNS.

Encontros con artesáns e especialistas para compartir experiencias, postas en común de propostas profesionais, análises, canles de cooperación, etc. Previón de 6 faladoiros.

"O ESCAPARATE".

Exhibicións mensual de pezas realizadas por artesáns, previa selección de proxectos.
Mostra incluída na visita á exposición permanente.

PERCORRIDOS URBANOS: MIRADAS ETNOGRÁFICAS.

Percorridos polo espazo urbano para maior coñecemento dos bens culturais, especialmente no casco histórico e puntos de interese etnográfico.
Os venres, previa solicitude. Mínimo grupos de 15 persoas

OUTRAS ACTIVIDADES XORNADAS PARA A COMUNICACIÓN.

Para transmitir traballos de investigación sobre as liñas abertas pola Fundación: Día Internacional da artesanía e día Internacional do terceiro público.

9(376).- ASISTENCIA DE MARTA NUÑEZ ABOY AO XV FESTIVAL INTERNACIONAL DE TEATRO Y ARTES DE CALLE DE VALLADOLID ENTRE OS DÍAS 21 E 25 DE MAIO DE 2014. EXPTE. 14629/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 22.04.14, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cultura e Bibliotecas, do 21.04.14, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, Festas e Museos e o concelleiro delegado de Economía, Facenda e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Encomendar á funcionaria Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 e NIF 36138380K, a asistencia ao XV Festival Internacional de Teatro y Artes de Calle de Valladolid, que terá lugar en Valladolid entre os días 21 e 25 de maio de 2014, en comisión de servizo por tratarse dunha viaxe oficial.

SEGUNDO.- Autorizar a utilización de vehículo particular para realizar a viaxe e desplazamentos por Valladolid.

TERCEIRO.- Autorizar os seguintes gastos: 336,73 € en concepto de 5 dietas de manutención e 4 de aloxamento, con cargo á partida 3340.230.20.00 “dietas de persoal” e 300 € en concepto de transporte e locomoción, con cargo á partida 3340.231.20.00 “locomoción do persoal non directivo”.

CUARTO.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, NIF 36138380K, a través da conta de habilitación 2080 5000 69 3110302692.

10(377).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “XVII MEDIO MARATÓN DE VIGO” O 11 DE MAIO DE 2014. EXPTE. 12863/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.04.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a Javier Álvarez Salgado, con D.N.I. 35.932.584, a organizar o vindeiro domingo, 11 de maio de 2014, a proba deportiva denominada “XVII Medio Maratón de Vigo”, esta proba terá a súa saída dende a Porta do Sol e percorrerá plas rúas, Policarpo Sanz, García Barbón ata cruce con Julia Minguillón, García Barbón Isaac Peral, Areal, Pza de Compostela, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, García Barbón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso XII Elduayen, Porta do Sol, Policarpo Sanz, García Barbón ata cruce con Julia Minguillón, Garcia Barbón, Isaac Peral, Areal, Pza de Compostela, Carral, Marqués de Valladares, Rosalía de Castro, Garcia Barbón. Policarpo Sanz, Elduayen, Paeo de Alfonso XII, Pi y Margall. López Mora. Pintor Lugris, Alvaro Cunqueiro, Camelias, Venezuela. Blen Budiño, Ronda de Don Bosco, Principe , dita proba comenizará ás 10.30horas e rematará ás 13.30 horas.

11(378).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A XVIII REGATA DE PRIMAVERA OS VINDEIROS 26 E 27 DE ABRIL. EXPTE. 12961/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 14.04.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a presenza policial, a ocupación da vía pública en Canido do lado do mar e presenza dos membros de Protección civil, nas inmediacións do Porto de Canido,

para que se leve a cabo no Club Marítimo de Canido a XVIII REGATA DE PRIMAVERA organizada por Granitos Ibéricos os vindeiros 26 e 27 de abril de 2014.

12(379).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR A “I CARRERA ESCOLAR CEIP O SELLO 2014” O VINDEIRO 31 DE MAIO. EXPTE. 12917/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 7.04.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a ANPA SARDOMELA, a organizar o vindeiro sábado 31 de maio de 2014, a proba denominada “I CARRERA ESCOLAR CEIP O SELLO 2014” dita carreira está previsto que teña a súa saída do centro escolar ás 11.00horas, percorrendo a rúa Sardomela e Santa Mariña, rematando ás 14.00horas no centro escolar.

13(380).- RENUNCIA DE BOLSEIRO DAS BOLSAS DE INGLÉS PARA ESTANCIAS LINGÜÍSTICAS NO ESTRANXEIRO DA EOIV E ACEPTACIÓN DE PRAZA E NOVA INCORPORACIÓN DE ALUMNO. EXPTE. 15970/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 9.04.14, o informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 3.04.14, conformado polo concelleiro de Educación e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a renuncia voluntaria ao desfrute da bolsa de lingua inglesa “Concello de Vigo” para alumnado da EOIV curso 2013-2014, do beneficiario Jorge Luis Ramallo Estévez (NIF 36.040.354-K).

SEGUNDO.- Aprobar a aceptación de praza e incorporación como bolseiro de inglés de Javier Lago Justo (NIF 39.458.034-Q), como 2º integrante da lista de agarda do idioma de lingua inglesa.

TERCEIRO.- Aprobar a anulación do 2º prazo polo 50% restante do D201300087785 por importe de 865,00.-€ con cargo á partida económica 3210.489.00.10 “Becas estudos internacionais EOIV”, a favor de Jorge Luis Ramallo Estévez e a emisión de documento contable polo mesmo importe a favor de Javier Lago Justo.

14(381).- ASISTENCIA A XORNADA FORMATIVA “III CURSO DE ACTUALIDADE XURÍDICA DE RÉXIME LOCAL: A REFORMA DOS GOBERNOS E ADMINISTRACIÓNS LOCAIS” EN PONTEVEDRA. EXPTE. 10125/306.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 21.04.14, e de acordo co informe-proposta do 11.04.14, do xefe de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, conformado pola concelleira de Medio Ambiente e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Autorizar a D. Ramón Hermida-Cachalvite Vázquez, con número de persoal 81.127, adscrito ao servizo de Medio Ambiente, no posto de Técnico de Administración Xeral, a asistencia ao curso "*III Curso de Actualidade Xurídica de Réxime Local: A Reforma dos Governos e Administracións Locais*".

SEGUNDO.- Autorizar os gastos de locomoción por un importe de 122,92 € (inclúen gastos de peaxe, por 51,1 €, resultantes da suma de 3,65 €/viaxe cun total de 14 viaxes; e 71,82 € de combustible, resultantes dun importe de 0,19 €/km por 378 km totais) con cargo á partida orzamentaria 1720.231.20.00; gasto de matrícula de inscrición na xornada, cun importe de 120 €, con cargo á partida orzamentaria 1720.162.00.00.

TERCEIRO.- Autorizar o pago dos importes indicados mediante nota de gastos.

15(382).- ABOAMENTO DE GASTOS DE COMUNIDADE DE VIVENDA MUNICIPAL Á COMUNIDADE DE VECIÑOS DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO Nº 71. EXPTE. 279/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 1.04.14, conformado polo xefe de Patrimonio e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Martínez Garrido nº 71, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 2º A, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 744,44 €, correspondentes a cotas ordinarias, gastos fondo de reserva e derrama do ano 2013, polo periodo de xaneiro de 2013 ata decembro de 2013, ambos incluídos.

O gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

16(383).- ABOAMENTO DE GASTOS DE COMUNIDADE DE VIVENDA MUNICIPAL Á COMUNIDADE DE VECIÑOS DA RÚA TORRECEDEIRA 73. EXPTE. 302/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 9.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 26.03.14, conformado polo xefe de Patrimonio e a concelleira delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de veciños da rúa Torrecedeira 73, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello da vivenda 1º A, cedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo, a cantidade de 1.705,86 euros, polo periodo de xaneiro de 2012 ata 31 de marzo de 2014 ambos incluídos, e derrama 2014.

O gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

17(384).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELEIRA DE URBANISMO, CASCOS HISTÓRICOS, GRANDES PROXECTOS E PATRIMONIO DE ENCOMENDA DE FUNCIÓNS A DIFERENTES FUNCIONARIOS DA CONCELEIRÍA. EXPTE. 19688/240.

Dáse conta da resolución da concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, de data 9.09.13, que di o seguinte:

1º.- Encomendarlle aos funcionarios dependentes esta Concellería de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, Dna. María Luisa Sobrino del Río (xefa Servizo Área técnica da XMU- nº persoal 24070) e D. Jesús Saavedra Rodríguez (xefe Cartografía e Delineación – nº persoal 14.166) as funcións correspondentes á dirección, xestión, tramitación e seguimento e control dos traballos técnicos, cada un dentro do ámbito da súa especialidade, realizados pola concesionaria adxudicataria dos traballos de comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de Bens e Dereitos do Concello de Vigo, así como as das diferentes tarefas técnicas da unidade de Patrimonio.

2º.- Encomendarlle aos funcionarios desta Concellería de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, D. Aurelio Adán Fernández (arquitecto técnico da XMU -nº persoal 22438) a Raquel López González (arquitecta técnica adscrita á XMU – nº persoal 76489) a realización de tarefas propias da súa plaza e posto no servizo de patrimonio así como a revisión técnica dos traballos realizados pola concesionaria adxudicataria da comprobación, revisión e actualización do inventario municipal de Bens e Dereitos.

3º.- Estas tarefas as realizarán dentro da súa xornada e horario laboral, sempre que resulten adecuadas a súa clasificación, grao e categoría en ser prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal están adscritos como das características inherentes á praza da cal son titulares.

4º.- Dar conta da presente instrución aos interesados, xefatura dos servizos afectados así como ao Servizo de Recursos Humanos.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

18(385).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA SEGUNDA FASE DO CENTRO GALEGO DE FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7195/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, do 11.04.14, conformado pola concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 27 de decembro de 2013, aprobou adxudicar o procedemento aberto para a contratación das obras segunda fase da construción do Centro Galego de Fotografía á mercantil COPCISA, S.A., por un prezo total de 348.010,18 euros, I.V.E. Incluído.

O mesmo órgano municipal aproba na sesión do 07/02/2014 o Plan de Seguridade e Saúde das obras e os nomeamentos dos supervisores municipais e da coordinadora en materia de seguridade e saúde durante a execución das mesmas.

Na data do 11/04/2014, a empresa adxudicataria presenta un Anexo ao citado plan polas circunstancias surxidas no proceso de execución das mesmas, tal e como se recolle no art. 7,4 do R.d. 1627/97 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción. Cando se trate de obras das Administracións Públicas, estas modificacións deben elevarse para a súa aprobación á Administración que adxudicou a obra.

Polo exposto, solicítase desa Xunta de Goberno Local o seguinte:

1.- Aprobar o Anexo ao Plan de Seguridade e Saúde das obras de construción da segunda fase do Centro Galego de Fotografía, redactado pola empresa COPCISA e informado favorablemente pola técnica coordinadora en materia de seguridade e saúde, Ádega da Costa González.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(386).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA POR SERVIZOS DE GRAN GALA CON MOTIVO DO ACTO DE VIGUESES DISTINGUIDOS E DO DÍA DA RECONQUISTA. EXPTE. 25106/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado dá Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da "Cabalgata de Reis", aboarase o persoal da Policía Local que figura na relación que se achega e que comenza por dona Ángeles Garrido Domínguez e remata por dona Katia María González García, por unha cantidade total de 948'64 € (novecentos coarenta e oito euros con sesenta e catro céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

20(387).- SERVIZOS REALIZADOS EN SÁBADOS, DOMINGOS E FESTIVOS POLO PERSOAL ADMINISTRATIVO DO NEGOCIADO DE CEMITERIOS- MARZO 2014. EXPTE. 25107/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado dá Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores

que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Ríos, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Marzo-2014, e que ascenden a un total de 1.156'10 € (mil cento cincuenta e seis euros con dez céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificación.

21(388).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR XORNADA PARTIDA DO PERSOAL ADSCRITO AO NEGOCIADO DE CEMITERIOS- MARZO 2014. EXPTE. 25109/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase ós traballadores que figuran na relación que se achega no expediente e que comeza por don Jesús Alfonso Paz e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondente ao mes de Marzo de 2014, e que ascenden a un total de 1.153,88 € (mil cento cincuenta e tres euros con oitenta e oito céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

22(389).- PRODUCTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN- MARZO 2014. EXPTE. 25135/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 14.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comezan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Marzo-2014 e que ascenden a un total 549'95 € (cincocentos coarenta e nove euros con noventa e cinco céntimos), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.”

23(390).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO MES DE MARZO 2014. EXPTE. 25145/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.04.14, e de acordo co informe-proposta da técnica de Avaliación e Formación de

Recursos Humanos, do 14.04.14, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro delegado dá Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relación achegada segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	TOTAL FESTIVAS	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOCTURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	marzo	De Costas Fernández, Basilio a Fontan Balbuena, Camilo	671,34	84,32	755,66
Policia Local	marzo	De Abalde Casanova, Jesús I a Vivero Mijares, Juan G.	49.104,30	28.993,84	78.098,14
Parque Móbil	marzo	De Alonso González, Angel a Troncoso Martínez, Avelino	676,37	697,00	1.373,37
Extinción Incendios	marzo	De Alonso Barcia, Rubén a Veiga García, Rubén	1.443,18	228,48	1.671,66
Cemiterios	marzo	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	2.644,16	0,00	2.644,16
Desinfección	marzo	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
Limpeza	marzo	De Fernández Pérez, Fernando a Riveiro Cea, Lidia M ^a	84,42	8,16	92,58
Parque Central	Febreiro marzo	De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso	2.239,14	1.664,64	3.903,78
Museo	marzo	De Ogando López, José M a González Bello, Andrés	349,74	0,00	349,74
IMD	febreiro	De Alves Cerqueira, Antonio	180,90	38,08	218,98
TOTALS			57.586,50	31.888,60	89.475,10

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 89.475,10 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

24(391).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL DE DATA 10.04.14, RELATIVA Á SOLICITUDE DE RECOÑECIMIENTO DE CONSOLIDACIÓN DE GRAO PERSOAL DE DNA. MARÍA JOSÉ LÓPEZ FORMOSO. EXPTE. 25095/220.

Dáse conta do informe proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 10.04.14, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 13/03/2014 (documento nº 140031012) D^a M^a José López Formoso, con nº de persoal 76079, funcionaria de carreira deste Concello con praza Administrativa da escala de Administración xeral, subescala administrativa, adscrita ao posto de Xefe Negociado Sanidade, solicita o recoñecemento do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino

22, motivado polo desenvolvemento durante máis de dous anos de posto de traballo co dito complemento.

2.- Comprobado o expediente persoal da interesada pola oficina administrativa do Servizo de Recursos Humanos, figura que por resolución do Sr. concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, de data 6/07/2011, da que se deu conta a Xunta de Goberno Local en sesión de 08/11/2011, foi adscrita provisoriamente ao posto de traballo de "Xefe Negociado de Sanidade", que consta na vixente relación de postos de traballo, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 20/09/2010, para dito ano, vixente a día de hoxe, e que figura cun complemento de destino 22, ó cal figura adscrita e que continua a desenvolver na actualidade.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- De conformidade co establecido na Disposición Derogatoria Única, apartado b) e Final Cuarta da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 89, do 13 de abril de 2007) a regulación xurídica da consolidación do grao persoal recollida no art. 21 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, está derogada de forma expresa; sen embargo, e toda vez que o sistema retributivo dos empregados públicos atópase diferido ao posterior desenvolvemento legal e regulamentario que no seu momento se efectúe, e toda vez que o réxime de retributivo do persoal ao servizo da Administración rexeráse polo disposto para os funcionarios ao servizo da Administración do Estado segundo establece o RD 861/1986, do 25 de abril, modificado por RD 158/1996, do 2 de febreiro, estímase necesario efectuar unha remisión normativa ao disposto nos artigos 70 e 71 do Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que establece que o grao persoal consolídase polo desenvolvemento de un ou máis postos do nivel correspondente durante dous anos continuados ou tres con interrupción, calquera que fose o sistema de provisión. En todo caso, deberán respectarse sempre os límites legais establecidos no artigo 71 anteriormente citado en canto aos intervalos de niveis máximos e mínimos para a consolidación dentro de cada subgrupo de titulación.

Todo o antedito sen prexuízo do disposto no Decreto Lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, en canto que no que non estea reservado á lexislación do Estado será aplicable ao persoal da Administración Local (artigo 3.2).

II.- Asemade, resulta de aplicación o acordo do Pleno do Concello de Vigo de 02/03/1998, que establece o dereito ao recoñecemento do grao persoal dos empregados municipais polo desempeño dun posto de traballo durante 2 anos continuados ou tres con interrupción, aplicable tanto ao persoal laboral como ao persoal funcionario.

III.- Os actos administrativos de contido económico deben ser obxecto da preceptiva fiscalización previa, de conformidade co establecido nos artigos 213 a 223 do Real Decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e Bases de execución dos Orzamentos Municipais para o exercicio económico 2013; en consecuencia, estímase necesaria a remisión da mesma á Intervención Xeral Municipal, aos efectos do preceptivo control da legalidade orzamentaria do presente informe-proposta.

IV.- Polo exposto, de conformidade coas competencias recollidas no artigo 127.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local; en nos termos do acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/02/2013, de delegación de competencias en materia de persoal; e previo o preceptivo informe de fiscalización que pola Intervención Xeral se emita, elévase ao Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Recoñecer a consolidación do grao persoal correspondente ao nivel de complemento de destino 22, a funcionaria de carreira deste Concello D^a M^a José López Formoso, con nº de persoal 76079, funcionaria de carreira deste Concello con praza Administrativa da escala de Administración xeral, subescala administrativa, adscrita ao posto de Xefe de Xefe Negociado Sanidade, motivado no desempeño durante máis de dous anos continuados de posto de traballo co citado nivel asignado, nos termos dos fundamentos xurídicos que anteceden e consonte á documentación que obra incorporada no seu expediente persoal.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente a interesado/a e á Intervención Xeral Municipal aos efectos oportunos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que a dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1198, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Na mesma data, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolve de conformidade coa precedente proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

25(392).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A” (PLAN DE INVERSIÓNS DE AQUALIA), EXPTE. 2413/440.

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 8.04.14, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, según acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro de 2011, establece na cláusula terceira do citado acordo, o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.

Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprométese a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos.

O proxecto de “RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 27 de marzo co número de expediente 2.571/443 por importe de 574.028,27 € (IVE excluído).

En data 8 de abril de 2014, Aqualia presenta a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente "RENOVACIÓN DAS REDES DE SANEAMIENTO E ABASTECIMIENTO NO CASCO URBANO. FASE 1A", cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

Código do proxecto: Expte. 1.979/440

Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.

NIF: A38849495.

Orzamento de execución material: 482.376,70 €

Orzamento de contrata: 574.028,27 € (IVE excluído).

Prazo de execución: 4 meses.

Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo e a aprobación do Plan de Seguridade e Saúde e do Plan de Xestión de Residuos.

Clasificación do contratista: E1d

Prazo de garantía: 2 anos.

Asistencia Técnica: GALAICONTROL

Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.

Coordinación de Seguridade e Saúde: PROYEGAL.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da tramitación do expediente devandito expediente.

26(393).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.718,29 € A FAVOR DA FUNDACIÓN DE ESTUDOS E ANÁLISE FESAN POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ATENCIÓN A NENOS E NENAS NAS LUDOTECAS DA CASA DA XUVENTUDE E PAVILLÓN DE COIA- MARZO 2014. EXPTE. 4180/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.04.14, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 4.04.14, conformado pola concelleira de Xuventude e pola concelleira de Facenda, a a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva mediante a validación das actuacións realizadas sen fiscalización previa, que figuran na factura número B/0008/14 de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€ en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventude e Pavillón de Coia durante o mes de marzo de 2014 do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014.

2º.- Recoñecer a obriga a favor de Fundación de Estudos e Análise Fesan con CIF G15597669 por un importe total de 13.718,29€, en concepto de Prestación do servizo de atención a nenos e nenas nas Ludotecas de Casa da Xuventuce e Pavillón de Coia durante o mes de marzo de 2014, partida 3370 2279900 "Ludoteca Casa da Xuventude e Coia" do programa orzamentario da Concellería de Xuventude para o exercicio 2014"

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

27(394).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA PARA O MANTEMENTO DO SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. EXPTE. 1799/334.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnica do Servizo de Normalización Lingüística do 22.04.14, conformado pola concelleira de Normalización Lingüística, a Xunta de Goberno local acorda:

O DOG do 14 de abril (núm. 72) recolle a publicación da Orde do 4 de abril de 2014 da Secretaría Xeral de Política Lingüística pola que se establecen as bases para a concesión de subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega.

No artigo 4 establécese que dentro das "Modalidades de axuda" está a de "Mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico dunha entidade local", enténdese baixo este epígrafe "...a dotación de continuidade dun servizo lingüístico creado con anterioridade á data de publicación desta convocatoria de subvencións"

O SNL do Concello de Vigo está a desenvolver a súa actividade dinamizadora do uso e coñecemento da lingua galega dende 1989. Actividade tanto interna e externa, quere dicir traballamos para a propia administración e organismos autónomos como para a cidadanía en xeral. E traballamos tanto no corpus (correccións, terminoloxía, publicación...) como no status (programas e campañas de dinamización).

Cumpre así este SNL os requisitos sinalados nos artigos 4.c (servizo xa existente), art. 7 Funcións do servizo lingüístico (internas/dinamización lingüística/formación sociolingüística/coordinación).

Na actualidade, o SNL conta cunha técnica e unha administrativa. Tanto polo volume de traballo, a poboación destinataria e o labor de coordinación, avaliación, seguimento... cómprenos maior dotación económica e humana.

Esta orde de convocatoria de subvencións ábreunos a posibilidade a optar por unha axuda que nos permita continuar co labor realizado até o momento.

Polo antedito, solicitamos á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

"A aprobación da solicitude de subvención para a dinamización lingüística, e aceptación das condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na orde, á Secretaría Xeral de Política Lingüística para o mantemento do SNL por un total de 20.000 euros."

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(395).- BASES DAS AXUDAS MUNICIPAIS ESCOLARES DE LIBROS E COMEDOR PARA O CURSO 2014-2015. EXPTE. 93407/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.04.14, o informe de fiscalización do 24.04.14, e de acordo co informe-proposta da xefa de Benestar Social, do 21.04.14, conformado polo xefe da Área de Benestar Social, a concelleira de Política de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar as bases das axudas municipais escolares de libros e comedor nos centros públicos e privados con concerto pleno de educación infantil (2ª etapa), educación primaria e secundaria para o curso 2014-2015.

2º.- Aprobar o convenio marco de colaboración entre o Concello de Vigo e os centros de ensino público e privados con concerto pleno, que actuarán como entidades colaboradoras na xestión destas axudas, de acordo co establecido ó respecto na normativa de subvencións públicas.

3º.- Comprometer o gasto de 80.000 € para axudas de libros ós/ás alumnos/as do nivel de educación infantil (2ª etapa) con cargo á partida nº 2310.4810000 mediante libramento a xustificar que se ingresará na conta habilitada do Departamento de Benestar Social nº 2080-5000-67-3110242616.

4º.- Comprometer o gasto de 920.000 € con cargo á partida nº 2310.4810000 para axudas municipais escolares de comedor curso 2014-2015. Desta cantidade, 303.000 € imputaránse ó exercicio de 2014 e o resto, 617.000 €, con cargo ó exercicio de 2015. A contía do ano 2015 quedará supeditada á disponibilidade orzamentaria dese exercicio. Ambas dúas cantidades serán aboadas mediante libramento a xustificar que se ingresará naquela mesma conta habilitada do Departamento de Benestar Social. No suposto que da aprobación definitiva do Orzamento de 2014 resultase un incremento na dotación da aplicación orzamentaria correspondente procederíase a tramitar o correspondente procedemento ante o órgano municipal competente para a adopción do Acordo para ampliar a cantidade adicada a estas axudas.

5º.- Aprobar o modelo de solicitude normalizado para as axudas municipais escolares curso 2014- 2015, obrante no expediente.

A) BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA, DO CONCELLO DE VIGO – CURSO 2014/2015.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia.

Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexítima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.

O Art. 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

Por todo isto, convocase a concesión de axudas municipais de libros, material escolar e comedor, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal e a demais normativa de aplicación.

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade

É obxecto da presente convocatoria regular o procedemento para a concesión de subvencións ás familias dos/as alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados, de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e secundaria obrigatoria, con enderezo en Vigo, para o curso 2014-2015.

As axudas de libros, material escolar e comedor van dirixidas, prioritariamente, a menores de familias con dificultades socioeconómicas e que teñan dificultades en conciliar a súa vida familiar e laboral.

A finalidade última das subvencións é a de favorecer a integración socio-laboral dos pais, nais, titores ou acolletores, apoiando ás unidades familiares que, por insuficiencia de recursos económicos, non poden afrontar o custo do servizo.

SEGUNDA.- Programas subvencionables

Os programas subvencionables serán:

- *Axudas para a adquisición de libros e material escolar para Educación Infantil (2ª etapa). No concepto de material escolar se inclúe todo o material necesario para o desenvolvemento, do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe. (mandilon, chandal, material informático, libros e material funxible).*
- *Axudas para comedores escolares (de setembro a xuño, ámbolos dous incluídos) para alumnos/as matriculados/as nos niveis de Educación Infantil (2ª etapa), Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*

Estas axudas outorgaranse de acordo cos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

TERCEIRA.- Publicidade e prazo

A publicación das presentes bases e a resolución das axudas realizarase no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello, nas Unidades de Traballo Social (UTS) e na páxina web do Concello de Vigo www.vigo.org. Anunciarase, igualmente, no Boletín Oficial da Provincia as bases,

así como o prazo de presentación de solicitudes, que será reiterado por medio de anuncio na prensa local.

O prazo de presentación de solicitudes será do 2 ó 30 de maio de 2014, amolos dous incluídos.

As axudas que se concedan a través desta convocatoria publicaranse no taboleiro oficial de anuncios da Casa do Concello e das UTS, con expresión do alumno-a/solicitante/expediente/colexio/finalidade da subvención (libros, material escolar ou comedor) e a resolución recaída (concedida-denegada ou lista de agarda).

CUARTA.- Beneficiarios

O programa para comedores escolares da presente convocatoria engloba dous tipos de persoas beneficiarias, agrupados nas modalidades A e B que deben reunir os requisitos que se sinalan:

Modalidade A.- Por convocatoria ordinaria, reunindo os requisitos establecidos na base sexta.

Modalidade B.- Con carácter excepcional, co fin de dar protección ás situacións carenciais ou excepcionais do alumnado que se poidan presentar ó longo do curso escolar, unha vez resoltas as axudas da convocatoria ordinaria, poderán solicitarse axudas con carácter excepcional, debidamente xustificadas polos técnicos do Departamento, perante a Comisión de Valoración, que propondrá a súa aprobación á Xunta de Goberno Local, sempre e cando cumpran os requisitos esixidos, acheguen a documentación requirida, reseñen a causa da excepcionalidade da solicitude e exista dispoñibilidade orzamentaria. Unha vez resolta, pasará a formar parte da lista de agarda única froito da convocatoria ordinaria.

Os/as alumnos/as estarán matriculados/as, no curso 2014/2015, en centros públicos ou con concerto nos niveis de:

- Educación Infantil (2ª etapa) 3 a 5 anos
- Educación Primaria 6 a 12 anos
- Educación Secundaria Obrigatoria 12 a 16 anos

As subvencións que se outorguen en calquera das modalidades, realizáranse en réxime de concorrencia competitiva.

Os/as alumnos/as da modalidade B integraranse na lista de agarda existente, froito da convocatoria ordinaria, en función da renda per cápita obtida.

QUINTA.- Compatibilidade

As axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor son incompatibles con calquera outra axuda para a mesma finalidade de organismos públicos ou privados, agás as que concede o Concello de Vigo a través de FOANPAS e a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para comedor, comprometéndose o solicitante a comunicar e/ou reintegrar o concedido polo Concello de Vigo, no caso de ter percibido outra axuda.

Os alumnos/as tutelados/as pola Xunta de Galicia tampouco poderán acceder ás axudas de libros, material escolar e comedor. No caso de ter axuda de comedor concedida e seren tutelados pola Xunta, esta sería revogada.

SEXTA. - Requisitos xerais

Serán requisitos necesarios para solicitar as axudas os seguintes:

- a) A unidade familiar deberá estar empadroada e residir de modo efectivo no Concello de Vigo (a comprobación realizarase polo propio Departamento de Benestar Social).*
- b) Convivir cos/cas alumnos/as para os que se solicitan as axudas.*
- c) Con respecto á axuda de comedor, débese contar con praza no centro, de non ser así, aínda tendo concedida a axuda, non se fará efectiva.*
- d) Que os/as alumnos/as para os/as que se solicitan as axudas estean matriculados/as ou teñan reserva de matrícula en centros públicos ou con concerto, en segunda etapa de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria.*
- e) Para acceder ós beneficios de conciliación da vida familiar e laboral, os pais, nais, titores ou acolloedores deberán xustificar atoparse empregados no mes anterior ó da convocatoria.*
- f) Ter presentada a solicitude e o resto da documentación necesaria durante os prazos estipulados.*
- g) Que a capacidade económica da unidade familiar non exceda do 75% do IPREM, que equivale ao 100% do subsidio básico da RISGA, equivalente a 4.792,56 € anuais. No caso de non existir datos dos ingresos da unidade familiar, computarase como mínimo familiar o equivalente ó subsidio básico da RISGA (4.792,56 €/anuais).*

Para estes efectos, considerarase que a capacidade económica será o resultado de deducir dos ingresos netos os gastos xustificadas en concepto de aluguer ou amortización de hipoteca da vivenda que constitúa o seu domicilio, dividido polo número de membros que integran a unidade familiar.

Nos casos en que a capacidade económica da unidade familiar experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración de IRPF do último exercicio, os interesados terán que manifestar esta circunstancia e acreditar a nova situación económica achegando a documentación xustificativa correspondente ós 3 meses anteriores á convocatoria.

- h) Que os centros educativos para os que se solicita a axuda estean situados no termo municipal de Vigo.*

Para os efectos destas axudas enténdese por “unidade familiar”:

- a) A formada polos cónxuxes e os seus descendentes, que convivan habitualmente.*

- b) *Nos casos de separación legal, viuvez, familia monoparental ou unión de feito sen vínculo matrimonial, a formada polos respectivos titulares cos seus descendentes, que convivan habitualmente.*
- c) *A formada polo/a posible beneficiario/a e os seus acolletores de feito ou de dereito, que convivan habitualmente.*
- d) *A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas semellantes non rompen a convivencia para estes efectos.*

SÉTIMA.- Solicitud e documentación

Os/as solicitantes, independentemente de que obtivesen ou non axuda na convocatoria anterior, deberán participar como demandantes de nova convocatoria, para o que subscribirán un impreso normalizado de solicitud, asinado por todos os membros da unidade familiar maiores de 18 anos e acompañado da seguinte documentación:

- *Fotocopia do DNI, NIE ou pasaporte do solicitante e dos membros maiores de 18 anos.*
- *Fotocopia do libro de familia completo ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar, coas súas datas de nacemento.*
- *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa) que soliciten libros e material escolar, achegarán un xustificante do centro educativo no que se faga constar que para o curso 2014/15 están matriculados/as ou teñen reserva de matrícula neste nivel educativo.*
- *Para os/as alumnos/as de Educación Infantil (2ª etapa), primaria ou secundaria obrigatoria que soliciten axudas de comedor, achegarán un xustificante do centro escolar no que se faga constar que teñen interese no servizo de comedor para o curso 2014/2015.*
- *Fotocopia da certificación do grao de discapacidade no caso de que algún fillo/a da familia estea afectado/a por ela.*
- *Declaración de IRPF do último exercicio (só no caso de que o solicitante non autorice ó Concello de Vigo para obter os datos directamente da AEAT).*
- *Certificado de vida laboral.*
- *De ser o caso, certificado da pensións da Seguridade Social ou de calquera outra prestación pública que se estea a percibir.*
- *Para valorar a necesidade de conciliación da vida familiar e laboral, achegaranse os certificados de empresa ou nóminas que xustifiquen que os pais/nais dos/as alumnos/as ou do pai/nai, en caso de familia monoparental, ou titores e acolletores, atópanse en activo no mes anterior ó da convocatoria.*
- *De ser o caso, sentenza xudicial de separación ou divorcio e reclamación de pagamento das pensións debidas en virtude da mesma e non satisfeitas.*

- *No suposto de resultar beneficiario das axudas de libros e material escolar, no momento de recibir o talón presentará factura xustificativa orixinal.*
- *De ser o caso, contrato de aluguer ou documentación xustificativa deste ou dos gastos realizados en concepto de amortización de hipoteca da vivenda habitual.*
- *Calquera outra documentación que xustificadamente sexa requirida polo Departamento de Benestar social para poder tramitar, valorar e resolver as solicitudes de axudas.*

OITAVA.- Presentación de solicitudes

Os/as solicitantes das axudas presentarán as súas solicitudes a través do Rexistro xeral municipal ou por calquera dos medios previstos no Art. 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común (LRX-PAC).

NOVENA.- Tramitación e subsanación de solicitudes

A instrucción do procedemento de concesión das axudas convocadas correspóndelle ó Departamento de Benestar social, que recibirá as solicitudes e comprobará os requisitos esixibles e a documentación acreditativa e, de ser o caso, requirirá para que no prazo de 10 días hábiles se subsane a solicitude ou complete a documentación perceptiva (Art. 71.1 LRX-PAC), coa advertencia de que, de non facelo así, teráselle por desistido da súa petición, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos do Art. 42 LRX-PAC.

DECIMA.- Criterios de valoración

Con carácter xeral, as solicitudes valoraranse tendo en conta a renda per cápita dos compoñentes da unidade familiar do ano 2013.

No caso de acreditar un deterioro da capacidade económica da unidade familiar, no sentido indicado na base sexta, letra g), a renda per cápita considerada será a correspondente ós 3 últimos meses anteriores á convocatoria.

De existir un/ha menor na unidade familiar cunha discapacidade recoñecida entre o 33% e o 65%, este/a fillo/a computará por 2 membros. Se a discapacidade é superior ao 65%, computará por 3 membros.

No caso das solicitudes que accedan para conciliación da vida familiar e laboral (emprego dos proxenitores, titores ou acolledores), computarásese un membro máis na unidade familiar.

A lista de concesión farase por orde inversa ó da contía da renda per cápita da unidade familiar, de menor a maior contía. No caso de igualdade de ingresos, concederásese por maior número de membros da unidade familiar.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Comisión de valoración

A Comisión de Valoración quedará integrada pola Concelleira delegada da Área de Política de Benestar, que actuará como presidenta; o xefe de Área de Benestar social; a xefa deste Servizo

e a técnica responsable do programa. Este órgano colexiado emitirá informe no que se concrete o resultado da avaliación.

DÉCIMO SEGUNDA.- Concesión e resolución das axudas

O/a instructor/a do procedemento avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios e valoración que se determinan na base décima e fará constar expresamente que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder ás subvencións. O/a instructor/a do procedemento solicitará unha avaliación previa dos/as profesionais responsables das Unidades de Traballo Social, de considerarse necesario.

Rematada a instrucción do expediente, este remitiráselle á Comisión de Valoración establecida na base undécima.

A proposta de resolución conterá a relación na que se indicará todos/as os/as solicitantes que participan na convocatoria, os/as alumnos/as, renda per cápita, expediente, colexio, curso, concepto (libros, material escolar e comedor) e proposta de resolución das axudas no sentido que proceda (concedido, denegado ou lista de agarda):

- Concedidas: reseñárase a subvención individual de cada beneficiario/a, tendo en conta que o importe total das mesmas no pode superar o crédito consignado.
- Denegadas: faranse constar algúns dos seguintes motivos:
 - A solicitude foi presentada fóra de prazo.
 - Non achegan a documentación requirida.
 - Non estar empadroados/as.
 - Matriculado nun centro privado sen concerto.
 - Supera os ingresos.
 - O centro non conta co servizo de comedor.
 - O/a alumno/a non está matriculado/a.
 - Por non cumprimento do requisito de excepcionalidade.
- Lista de agarda: coa súa correspondente orde, por renda per cápita.

A Xunta de Goberno Local, por proposta da instructora do procedemento e previo informe da Comisión de Valoración, acordará a aprobación definitiva das subvencións con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.4810000 ("Becas libros, material escolar e comedor") do orzamento de Benestar social do Concello.

Logo da aprobación definitiva das subvencións, publicarase na paxina web do concello e nas UTS a lista de beneficiarios/as, co seu estado de concedido, denegado ou lista de agarda.

DECIMO TERCEIRA.- Contía, pagamento das axudas e xustificación

1.- Contía para libros e material escolar

Educación Infantil (3, 4 e 5 anos) 80,00 € / alumno/a

O pagamento destas axudas realizarase dunha soa vez por medio de cheque bancario, tra-la presentación de facturas orixinais. Ditos cheques aboaránse no Departamento de Benestar social do Concello de Vigo do 1 ó 30 de outubro de 2014.

Nos casos especiais, e tendo en conta a situación social da familia subvencionada, o pagamento da axuda aboaráse, coa autorización por escrito do beneficiario, ó/a profesional da UTS ou programa correspondente, que disporá o pago da contía que se subvenciona directamente no establecemento subministrador do material escolar.

Nos supostos en que sexan os colexios os que compren os libros e os pais compren despois os libros ao colexio deberán presentar certificación do director onde se recolla a identificación dos pais, os alumnos e a cantidade recibida.

2.- Contía para comedor

O prezo da praza de comedor será comunicado polo centro escolar ó Departamento de Benestar social do Concello, unha vez deducidas as subvencións recibidas ou pendentas de recibir para a mesma finalidade.

A axuda municipal de comedor, por mes e alumno/a, será como máximo de 41 € .

Nos meses de decembro de 2014 e abril de 2015, aboarase o 70% do custo total mensual do comedor, en lugar do 100%, por ter menos días lectivos.

A diferenza, de habela, entre o prezo da praza e a axuda municipal deberá ser pagada polo pai, nai ou titor.

3.- Pagamento das axudas de comedor

As axudas concédense ás familias e pagaránse ós centros, que actuarán como entidades colaboradoras nos termos previstos na Lei 38/2003, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. Os centros asumen o compromiso de xestionar a aplicación dos fondos de acordo coa súa finalidade, responsabilizándose de comunicar as baixas e os traslados dos/as alumnos/as beneficiarios/as ó Departamento de Benestar social.

4.- Pagamento ás entidades colaboradoras e seguemento das axudas

O pagamento realizarase mediante transferencia desde a conta habilitada do Departamento de Benestar social á conta corrente que indique cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de aboamento ós centros educativos faranse de xeito anticipado en tres (3) prazos:

- O primeiro, ó longo do 1º trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado correspondente ó 40% do importe correspondente á resolución definitiva de beneficiarios/as.*

- O segundo, no 2º trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ó 80% de todas as bolsas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades aboadas no primeiro pagamento.
- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100% do importe total de todas as bolsas, en función das necesidades reais satisfeitas nos pagamentos anteriores e previo reaxuste da cantidade concedida nos mesmos.

As direccións dos centros certificarán a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as coincidentes cos tres aboamentos e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor, achegando ó remate do curso os listados de sinaturas dos pais, nais e/ou titores.

No pagamento do segundo e terceiro aboamento regularizaranse os correspondentes axustes debidos ós traslados ou renuncias dos/as alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso, as cantidades que correspondan ás baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de agarda.

O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o/a beneficiario/a, a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a trasladárase sen finalizar o mes a outro centro, será a familia a que se faga cargo do aboamento do comedor.

De producirse baixas entre os/as beneficiarios/as das axudas escolares de libros, material escolar e comedor, estas serán cubertas por outros/as alumnos/as, que téndoa solicitada por calquera das modalidades fixadas na base cuarta, atópanse na lista de agarda con menor renda per cápita, independentemente do colexio ó que pertenza, sempre que exista crédito.

DÉCIMO CUARTA.- Reclamacións

O prazo de resolución e de notificación das reclamacións non excederá de seis meses contados desde o inicio do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución do procedemento de reclamación notificaráselle ós interesados conforme ó previsto nos Arts. 58 e ccdtes. da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución lexítima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da axuda.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que as dictou no prazo dun mes ou, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses. Os prazos contaranse a partir do día seguinte ó das respectivas publicacións oficiais.

DÉCIMO QUINTA.- Obrigas dos/as beneficiarios/as

Serán obrigas dos/as beneficiarios/as das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no Art. 11 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, as seguintes:

- Utilizar o servizo de comedor todo o mes, agás causas xustificadas.*
- Comunicar ó Departamento de Benestar social ou ó centro educativo as baixas.*
- O cumprimento das normas establecidas no regulamento interno do centro educativo para o servizo de comedor ó que pertence o/a alumno/a. En caso de incumprimento, o Consello escolar do centro poderá adoptar as medidas que crea oportunas. Se a medida adoptada fose a expulsión do servizo de comedor, a axuda suspenderase polo tempo que esta dure.*
- O pai, nai ou titor están obrigados a asinar os listados da axuda de comedor no centro escolar no que estea matriculado o/a alumno/a.*
- O aboamento, por parte do pai, nai ou titor, da diferenza -de existir- entre o prezo real do comedor e a axuda percibida.*

DÉCIMO SEXTA.- Revogación e réxime sancionador

No caso das axudas de libros e material escolar, revogarase a subvención concedida cando esta non fose destinada ó fin para a que foi concedida.

No caso de axudas para comedor, cando o Concello teña coñecemento da ausencia sen causa xustificada dun/ha alumno/a, por un período continuado de catro días ou tres alternos no período dun mes, poderá sancionarse coa suspensión temporal ou definitiva para o curso 2014-2015.

A suspensión comezará sempre o primeiro día do mes e, de tratarse dunha suspensión temporal, o reinicio será tamén a primeiros do mes estipulado.

Serán tamén de aplicación todas as demáis causas de reintegro que contén o Título II da Lei 38/2003.

DÉCIMO SÉTIMA.- Norma final

En todo aquilo non previsto nas presentes bases, serán de aplicación as normas básicas da Lei xeral de subvencións e da Lei de subvencións de Galicia sobre causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG), réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións e, en xeral, con carácter pleno ou supletorio, no non previsto, a Lei xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, a lexislación básica do Estado de réxime local, a Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; as bases de execución do orzamento do Concello de Vigo, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

B) CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CENTRO EDUCATIVO PARA A XESTIÓN DAS AXUDAS DE COMEDOR NO MARCO DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE LIBROS, MATERIAL

ESCOLAR E COMEDOR PARA ALUMNOS/AS DE CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E PRIVADOS CONCERTADOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (2ª ETAPA), EDUCACIÓN PRIMARIA E SECUNDARIA DO CONCELLO DE VIGO.

En Vigo, na Casa do Concello, o de 2014

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra,

D./Dª..... Director/a do Centro.....

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D./Dª.....,actuando en representación do Centro educativo.....,segundo así resulta de

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I. A Constitución española de 1978 consagra, no seu Art. 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario (Art. 27 EAG).

III. A normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; servizo declarado obrigatorio para

os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e) e 26.1.c) LRBRL, na redacción dada pola L.27/2013, do 27 de decembro).

IV. Mais especificamente, xa no eido da normativa sectorial, a L.13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado dos menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social.

Finalmente, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc. e atribúelles competencias ós municipios para a execución de programas e proxectos destinados á atención das familias.

V. O proxecto de axudas municipais escolares de libros, material escolar e comedor leva facéndose no Concello de Vigo desde hai máis de vinte anos, observándose un crecemento tanto na demanda como no seu orzamento. Están destinadas ós/ás alumnos/as matriculados/as en centros docentes públicos e privados concertados, empadroados/as e pertencentes a unidades familiares carentes de recursos económicos suficientes.

A concesión destas axudas municipais de libros, material escolar e comedor desenvólvese no marco xurídico definido pola normativa reguladora das subvencións públicas, na que se prevé a posibilidade de asinar convenios de colaboración entre os órganos administrativos concedentes e as entidades que actuarán como colaboradoras na súa xestión.

Ámbalas dúas partes consideran que, de conformidade co disposto nos Arts. 12 a 16 da LXS e 9 a 13 da LSG, por razóns de eficacia na xestión e co fin de conseguir a mellor prestación do servizo ós/as beneficiarios/as das axudas, procede a sinatura deste convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

Este convenio ten por obxecto fixar o marco xeral de colaboración entre as partes asinantes para a mellor xestión das axudas municipais de comedor para alumnos/as de centros docentes públicos e privados concertados de educación infantil (segunda etapa), educación primaria e educación secundaria.

Segunda. Ámbito de aplicación

Quedan incluídas no presente convenio as actuacións derivadas da convocatoria do Concello de Vigo, na que os centros de ensino actuarán como entidades colaboradoras conforme co previsto na normativa reguladora das subvencións públicas.

Terceira. Obrigas do Concello de Vigo

No marco do presente convenio, correspóndelle ó Concello de Vigo como órgano concedente das axudas, a través do seu Departamento de Benestar Social:

a).- Comunicar ós centros a relación de beneficiarios/as das axudas así como a información relativa ós cambios que poidan producirse durante a súa vixencia.

b).- Aboar ó centro escolar a axuda concedida ós/as beneficiarios/as das mesmas, de acordo co seguinte procedemento:

Os pagamentos realizaranse mediante transferencias desde a conta habilitada nº 2080-5000-67-3110242616 do Departamento de Benestar Social á conta corrente de cada un dos centros educativos cos que se conveña a colaboración para a xestión destas axudas.

A xustificación dos ingresos na entidade colaboradora acreditarase mediante o soporte documental da transferencia.

As propostas de abonamento ós centros educativos faranse de xeito anticipado en tres prazos:

- O primeiro, ó longo do primeiro trimestre do curso escolar, por un importe máximo estimado do 40% do importe correspondente á resolución definitiva de beneficiarios/as.

- O segundo, no segundo trimestre do curso escolar, ata completar un importe máximo correspondente ó 80% de todas as bolsas efectivamente concedidas para o curso escolar, previo reaxuste das cantidades abonadas no primeiro pagamento.

- O terceiro, no último trimestre do curso escolar, ata completar o 100% do importe total de todas as bolsas, en función das necesidades reais satisfeitas.

Cuarta. Obrigas da entidade colaboradora

Serán obrigas do centro educativo, que actuará en nome e por conta do Concello de Vigo, as seguintes:

-Asumir a condición de entidade colaboradora para os efectos do disposto na LXS e na LSG, para todos/as os/as beneficiarios/as ós/ás que lles sexan concedidas as axudas incluídas no ámbito de aplicación deste convenio.

- Aboar as axudas que correspondan ás persoas incluídas nas relacións de beneficiarios/as ás que se refire o punto anterior, coa duración e a contía que se indiquen nas resolucións da convocatoria ou en resolucións posteriores.

-Presentar os listados das axudas de comedor dos/as alumnos/as matriculados/as no centro, asinados polo pai, nai ou titor. De non facelo así, o Concello poderá resolver non continuar co convenio de colaboración co centro no seguinte curso escolar.

-Cumprir os demais requisitos recollidos na LXS e na LSG, facilitar toda a información que lles sexa requirida polo Departamento de Benestar Social, someterse ás actuacións de comprobación e control da xestión dos fondos previstas na lei e, de ser o caso, reintegrar os fondos nos casos previstos na normativa de subvencións públicas.

Non se establecen condicións de depósito dos fondos. Estes só poderán utilizarse para o fin previsto nas bases de aboamento do comedor dos beneficiarios.

Non existe entrega monetaria de subvención aos beneficiarios. Os beneficiarios recibirán como subvención a comida (menús escolares), que se xustificará coa certificación do director do Centro e os rexistros das sinaturas dos pais/nais/titores coa periodicidade establecida nas bases da convocatoria.

Non se establece a necesidade de dispoñer de libros ou rexistros contables específicos por non existir realmente entrega de fondos aos beneficiarios. A subvención entenderase xustificada cos rexistros de sinaturas e a certificación dos directores dos Centros de aboamento das comidas dos beneficiarios á empresa subministradora (catering).

Quinta. Xustificación

As direccións dos centros certificarán a utilización do servizo de comedor por parte dos/as alumnos/as beneficiarios/as coincidentes cos tres aboamentos e a aplicación dos fondos recibidos ó pagamento dos servizos de comedor, achegando ó remate do curso os listados de sinaturas dos pais, nais e/ou titores.

No pagamento do segundo e terceiro aboamento regularizaranse, por parte da entidade colaboradora, os correspondentes axustes debidos ós traslados ou renuncias dos/as alumnos/as beneficiarios/as, tendo que reintegrar, en todo caso, as cantidades que correspondan ás baixas producidas e non cubertas con alumnos/as da lista de agarda.

O traslado de centro docente ó longo do curso dentro do municipio non supón para o beneficiario a perda da axuda, sempre e cando no novo centro exista dispoñibilidade de praza e sexa comunicado ó Departamento de Benestar Social para a súa autorización. O traslado, de producirse, surtirá efectos a partir do primeiro día do mes seguinte.

Se o/a alumno/a se trasladase, sen finalizar o mes, a outro centro, será a familia a que se faga cargo do aboamento do comedor.

De producírense baixas entre os/as beneficiarios/as das axudas de comedor, estas serán cubertas por outros/as alumnos/as que, téndoa solicitada por calquera das modalidades previstas, se atopen na lista de agarda con maior puntuación, independentemente do colexio ó que pertencen, sempre que exista crédito.

Para os efectos de acadar unha mellor xestión dos datos relativos á xustificación das axudas e dos/as beneficiarios/as, as partes concretarán a forma de intercambiar a información en formatos electrónicos.

Sexta. Duración, vixencia, modificación e denuncia do convenio

Este convenio terá unha duración inicial de catro (4) anos e entrará en vigor ó día seguinte da súa sinatura. Poderá ser prorrogado por mútuo acordo das partes antes da súa finalización ata o máximo previsto no Art. 16.2 da LXS.

As súas cláusulas poderán ser parcial ou totalmente modificadas por acordo das partes. As modificacións acordadas achegaranse como addenda ó texto do convenio orixinal.

Calquera das partes asinantes poderá denunciar o convenio cun preaviso de seis (6) meses. Neste caso, comprométense a manter os compromisos adquiridos ata a finalización do período completo das axudas concedidas ós/ás beneficiarios/as.

Sétima. Natureza e xurisdicción competente

Este convenio ten natureza e carácter xurídico-administrativo e as cuestións relativas á súa celebración, cumprimento, interpretación, efectos e extinción serán competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.

Seránlle de aplicación os preceptos da normativa reguladora das subvencións públicas no tocante a causas de invalidez (Arts. 36 LXS e 32 LSG), causas e réxime de reintegro da subvencións (Arts. 37 LXS e 33 LSG) e réxime de infraccións e sancións en materia de subvencións (Arts. 52 e ss. LXS e 50 e ss. LSG).

Con todo, para resolver amigablemente calquera cuestión litixiosa que poida xurdir na interpretación, modificación ou resolución do convenio, as partes acordan constituir unha Comisión mixta de Seguimento, que estará integrada polo/a Director/a do centro e un/ha funcionario/ técnico/a do Servizo de Benestar Social e presidida pola Concelleira da Área de Política de Benestar. A falta de acordo, as partes poderán acudir á xurisdicción contencioso-administrativa, de acordo co previsto no artigo 8.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Oitava. Protección de datos

As partes obríganse a cumprir a normativa sobre protección de datos de carácter persoal con respecto ós datos obtidos das persoas beneficiarias, recabando destas as autorizacións relativas ó seu uso que sexan necesarias.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

29(396).- SUBVENCIÓN DIRECTA Á FUNDACIÓN VIGO EN DEPORTE (VIDE) POLA SÚA ACTIVIDADE NO ANO 2014. EXPTE. 13006/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Visto o informe xurídico do 10.04.14, o informe de fiscalización do 22.04.14, e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 23.04.14, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a presente resolución de concesión de subvención directa por un importe de 125.000,00€. a favor da entidade Fundación Vigo en Deporte, co CIF: G-36894020 con enderezo social na rúa Cesáreo González, s/n en Vigo con cargo á partida 3410.489.00.02 do vixente orzamento e de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é coadxuvar á financiación da Fundación VIDE, de natureza fundacional, de interese xeral galego e constituída sen ánimo de lucro, para a execución do proxecto de promoción do deporte Vigués realizado pola Fundación VIDE para o ano 2014.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire ó réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento prorrogado de 2013 do Concello de Vigo.

c) Esta subvención ten un claro carácter de interese público social, e ademais a subvención que se regula a través desta resolución non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente, no orzamento prorrogado de 2013 do Concello de Vigo, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

d) Esta subvención non ten ningunha incompatibilidade con outras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas procedentes de outras administracións o entes públicos ou privados.

e) Que a entidade VIDE non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 13006-333.

f) Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

g) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución á Fundación VIDE, deberá realizarse no prazo comprendido entre a

notificación da presente resolución, e ata tres meses tras a finalización das actividades viculadas ó proxecto, para o que VIDE deberá de adxuntar, coa memoria xustificativa correspondente das actividades realizadas, xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe da subvención (facturas previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación), documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de pago de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións ou púa propia Fundación VIDE que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes ou documentos orixinais da certificación de Doacións realizadas púa Fundación VIDE a favor da entidade correspondente que xustifique o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

h) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de

decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

l) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, o presente convenio autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

SEGUNDO.- Aprobar o seguinte procedemento de pago de acordo coas características especiais da actividade, dados os gastos previos á actividade que ten a Fundación VIDE.

- O 50% (62.500,00€) do importe total proposto, será abonado á Fundación VIDE mediante transferencia Bancaria, tras a aprobación do expediente de subvención por parte da Xunta de Goberno Local, co obxectivo de poder afrontar os gastos iniciais da organización das actividades expostas no proxecto de actividades. En relación a este pago anticipado non se considera necesario a solicitude de avais específicos, xá que a solvencia e capacidade da Fundación VIDE, está demostrada pola traxectoria da entidade como organizadora do proxecto de actividades obxecto da subvención dende o ano 2002.
- O resto do importe abonarase á Fundación VIDE de modo fraccionado a medida que vaian rematando as actividades do proxecto, e tras a presentación das respectivas xustificacións parciais correspondentes ó desenvolvemento das actividades, xunto co informe do técnico responsable. Establécese que xunto á tramitación do primeiro pago fraccionado, e previo o abono deste, VIDE deberá xustificar axeitadamente o 50% do importe total da subvención. A axeitada xustificación, a realización da cada unha das actividades parciais e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá un informe ao respecto, previo o abono de cada un dos pagos parciais facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

30(397).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA IV EDICIÓN DA FESTA DA BICICLETA O VINDEIRO 4 DE MAIO. EXPTE. 12994/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 22.04.14, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a DECATHLON, xunto co Club Ciclista Vigués a organizar o vindeiro domingo 4 de maio de 2014, a IV EDICIÓN DA FESTA DA BICICLETA este evento

deportivo se levará a cabo en a partir das 11.00 dende a Porta do Sol, percorrendo Policarpo Sanz, García Barbón, Isaac Peral, Areal, Plaza Compostela, Cánovas del Castillo, Beiramar, Coruña, Travesas, Avda. Camelias, Romil, Falperra, Paseo de Alfonso, para rematar na Porta do Sol.

31(398).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.